



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO AUDITORIO MUNICIPAL

1.- Competencia

Esta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do establecido na súa Disposición transitoria primeira e no apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

O 22 de maio de 2019 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Ribeira un Protocolo para a cooperación na execución de actuacións urbanísticas.

Segundo o establecido na cláusula primeira do Protocolo, o obxecto deste constitúeno as bases dunha futura cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Ribeira, que permitan realizar as actuacións que posibiliten a mellora dos espazos urbanos e a construción dun novo auditorio municipal. Tal colaboración técnica e económica será obxecto de posterior desenvolvemento a través da sinatura do correspondente convenio de colaboración no que se concretarán as actuacións de cada unha das partes asinantes.

Consonte o disposto na cláusula terceira do Protocolo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, previos os trámites preceptivos, asume o compromiso de formalizar o oportuno convenio de colaboración co concello, no que se definirán a achega da consellería e as anualidades para o financiamento das obras.

Así mesmo, indica que no convenio de colaboración se concretarán coa amplitude necesaria todas as actuacións relativas ao correspondente financiamento da execución das obras, por parte da consellería.





3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Ribeira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2023.

4.- Obxecto

O obxecto do presente Convenio é establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Ribeira para a construción do novo auditorio municipal de Ribeira e o seu entorno, cun orzamento total de execución de tres millóns seiscentos corenta e nove mil douscentos cincuenta e dous euros con trinta céntimos (3.649.252,30 €).

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O concello de Ribeira, ten aprobado recentemente o documento “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Ribeira “Máis Riveira Atlántica 2020” (MRA2020) redactado para definir unha estratexia integrada de cidade de carácter flexible, totalmente adaptada á realidade territorial e á estrutura institucional e de gobernanza de Ribeira.

O principal obxectivo da Liña de Actuación LA16 “Infraestruturas Públicas, culturais e sociais” é dotar aos cidadáns dunhas instalacións públicas renovadas e adecuadas á prestación de diversos servizos sociais e culturais.

A operación proposta expón a posta en marcha dun novo auditorio municipal no concello de Ribeira que contará co aforo necesario e estará dotado de todos os equipamentos para o desenvolvemento de diversas actividades sociais e culturais, participando de maneira activa na mellora de calidade de vida de toda a cidadanía.

Para o deseño desta nova infraestrutura, desenvolveuse un procedemento de contratación baixo a modalidade de concurso de ideas, coa finalidade de concibir unha proposta singular e funcional, en concordancia coas liñas arquitectónicas do novo mercado municipal ou da nova lonxa.





O Concello dispón dun proxecto básico e de execución para as obras de construción do indicado equipamento municipal.

Constitúen razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a construción do novo auditorio, co obxecto de dispoñer dun equipamento municipal adecuado para a realización de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, mellorando deste xeito a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura María Encarnación Rivas Díaz. Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

